

Memoria de actividades

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Universidade da Coruña

Ano 2013

Oficina de Cooperación e Voluntariado
Vicerreitoría de Relacións Internacionais
e Cooperación

A Coruña

Facultade de Socioloxía, 1º andar,
15071, Campus de Elviña.
Tlf. 981 167 000 (ext. 1752)
www.udc.es/ocv

Director

José Jesús Cendán Verdes
Extensión: 1334
jesus.cendan.verdes@udc.es

Persoal técnico A Coruña

Lorena Rilo Pérez
Extensión: 1752
ocv@udc.es

Ferrol

Centro Cultural Universitario,
andar 1º andar, 15403, Campus
Esteiro.

Persoal técnico Ferrol

Vanessa Míguez Martín
Extensión 3677
ocvfer@udc.es

Documento redactado por
Lorena Rilo Pérez e Vanessa
Míguez Martín

Memoria de actividades

Oficina de Cooperación e Voluntariado
Universidade da Coruña

Ano 2013

01

Introducción

02

Cooperación ao
desenvolvemento

Proxectos de Coñecemento
da Cooperación (PCC)

Proxectos de Coñecemento
da Realidade (PCR)

Actividades coas ONG de
desenvolvemento

03

Voluntariado

Menores

Exclusión social

Inmigración

Socio-sanitario

Maiores

Diversidade Funcional

Educación para o
Desenvolvemento

Actividades con outras
entidades de acción social

Colaboración con outras
administracións

Colaboracións no seo da
Universidade da Coruña

04

Formación

Outras actividades

Participación en redes

Comunicación

01

Introducción

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña (UDC) é o servizo encargado de xestionar, coordinar e potenciar os ámbitos do voluntariado social e a cooperación para o desenvolvemento da UDC. Componse de dúas delegacións: unha no campus de Elviña, na Coruña, e outra no campus de Esteiro, en Ferrol.

En relación cos recursos humanos con que conta, no ano 2013 consolidouse a través dun concurso-oposición a praza da oficina da Coruña, e ocupouse en interinidade a de Ferrol, polo que na actualidade o persoal contratado permanente na OCV é de dúas persoas.

Un dato para salientarmos é o da inexistencia de prazas para bolseiros/as da UDC, aínda que a oficina do campus de Elviña contou coa colaboración de dúas persoas en prácticas do Instituto Anxo Casal da Coruña.

** Nota de navegación: si pulsas en la barra lateral anaranjada podrás regresar al índice de contenidos*

02

Cooperación para o desenvolvemento

Cooperación

Enténdese a Cooperación ao Desenvolvemento da Universidade como un conxunto de actividades realizadas pola comunidade universitaria orientadas á transformación social nos países máis pobres, en pro da paz, a igualdade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación na que o fortalecemento institucional e académico teñen un papel importante.

Código de Conduta das Universidades en Cooperación ao Desenvolvemento, 2005.

A OCV da UDC está a desenvolver un importante labor en materia de sensibilización, formación en cooperación e educación para o desenvolvemento, así como na participación en proxectos de cooperación.

O *II Plan director da cooperación galega* (2010-2013) sinala aqueles propósitos estratéxicos que lles permitirán aos diferentes actores da cooperación en Galicia contribuír a conseguir reducir a pobreza, mellorar a axuda a través da eficacia e promover na sociedade galega o coñecemento da realidade do sur, co fin de inculcar unha conciencia solidaria encamiñada a fomentar a participación da sociedade civil no logro dos ditos obxectivos.

Para lograr estes propósitos, establécese como un dos seus obxectivos específicos o de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento na sociedade galega, así como incrementar e apoiar a investigación e a formación no sector da cooperación, misión en que a UDC, a través da OCV, traballa desde hai xa máis dunha década.

A cooperación para o desenvolvemento é unha

forma de entender a realidade en que estamos inmersos e de traballar en consecuencia. A *Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE)* sinala no documento *Universidade: compromiso social e voluntariado* (2001) a necesidade de potenciar o papel das universidades como axentes sociais na posta en marcha de estratexias capaces de fomentar unha solidariedade activa na conformación dunha sociedade máis xusta e participativa.

A implementación e o fortalecemento dunha docencia estruturada e destinada á formación solidaria e ao fomento e o apoio de liñas de investigación sobre a implicación social, o impulso de campañas de sensibilización ou o establecemento de estruturas solidarias son ferramentas imprescindibles na programación e o alcance de tales obxectivos.

A OCV da UDC, de acordo con este chamamento, trata de levar a cabo as ditas accións para promover que a comunidade universitaria e a sociedade en xeral adquiran a conciencia e a capacidade crítica que lles permitan tomar decisións de cara á reconfiguración do contexto vital en que se desenvolven como seres humanos.

Proxectos de coñecemento da cooperación para PDI e PAS (PCC)

No ano 2013 publicouse a *II Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC)* para PDI e PAS da UDC, con que se pretendeu fomentar o coñecemento dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento por parte do persoal desta universidade. Esta convocatoria estivo dotada con 10.000 euros, e as persoas seleccionadas son as que seguen no seguinte mapa >>



Gabriel
Profesor na Facultade de
Educación Física e Deportiva

ONG:
Proxecto:
Prevenición da drogadicción, deporte
no tempo libre, implementación de
ferramentas informáticas Hanball

Adriana
Profesora na Facultade de
Ciencias da Saúde

ONG:
El mejor amigo del hombre
Proxecto:
Reforzo de capacidades cognitivas

Sandra
Profesora en
Ciencias da
Comunicación

ONG
Axuda en Acción
Proxecto:
Campañas de Marketing
para impulsar a economía
local

Alberto
Técnico de I+D
en Oficina de Transferencia de
Resultados de Investigación

ONG
Proxecto ECUIDIT

Proxecto:
Sistemas de Educación
Superior de Ecuador

Félix
Técnico Superior
en Sistemas Mecánicos

ONG:
Enxeñaría Sen Fronteiras

Proxecto:
Formación a técnicos en
xestión de recursos
hídricos

Plácido
Profesor na
Facultade de Arquitectura

ONG:
Arquitectos sin Fronteiras

Proxecto:
Plan de Inversión
Provincial en Saúde

Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa que ofrece ao alumnado da UDC que colabora con ONGD a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estada de cooperación dun a tres meses. O traballo que se desenvolve pode ser validado por proxectos de fin de carreira, por prácticas de materias ou por traballos obrigatorios de fin de carreira. Alén disto, participar nun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario como para a sociedade en xeral, xa que tras o regreso se realizan charlas para dar a coñecer o aprendido na experiencia. No ano 2013 presentouse na UDC a *VII Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación para o desenvolvemento*, destinada a financiar os gastos do desprazamento ao país de destino e o seguro da viaxe, así como os de xestión e coordinación da dita actuación (protocolo, difusión etc.). Este ano seleccionáronse doce proxectos, presentados no seguinte mapa >>



Guatemala
Honduras

Sandra

Enxeñaría Técnica de Camiños, Canais e Portos

ONG
Enxeñaría Sen Fronteiras

Proxecto:
Abastecemento de auga potable e saneamento

Adrián Gonçalves

Metodoloxía e Investigación en Ciencias Sociais

ONG
Acoes

Proxecto:
Investigación sobre xénero e desenvolvemento

Aldara

Educación Social

ONG
Acoes

Proxecto:
Integración social a través da arte

Daniel

Tecnoloxía da Enxeñaría Civil

ONG
Enxeñaría Sen Fronteiras

Proxecto:
Abastecemento e saneamento de auga

Patricia

Bioloxía

ONG
Acoes

Proxecto:
Seguridade alimentaria, loita contra a fame

Raquel

Educación Infantil

ONG
Mundo Cooperante

Proxecto:
Proxecto educativo

Colombia

Ecuador

Bolivia

Camerún

Edgar

Arquitectura Superior

ONG
Arquitectura Sen Fronteiras

Proxecto:
Sistemas de saneamento alternativos

Lucía

Arquitectura Superior

ONG
Arquitectura Sen Fronteiras

Proxecto:
Manual sobre construción en adobe sismorresistente??

David

Socioloxía

ONG
Axuda en Acción

Proxecto:
Turismo comunitario

Ana

Educación Social

ONG
Axuda en Acción

Proxecto:
Educación, sanidade e promoción dos dereitos humanos

Adrián Senra

Arquitectura Técnica e Execución de Obras

ONG
Colores de Camerún

Proxecto:
Construción dun centro médico

www.udc.es/ocv/cooperacion

Ver este mapa en Google Maps >>

Actividades coas ONG de desenvolvemento

Unha das prioridades da Área de Cooperación ao Desenvolvemento da OCV é a de colaborar coas distintas ONGD tanto da provincia da Coruña como de Galicia en xeral, así como con outros axentes da cooperación galega, na busca de sinerxías que permitan unha cooperación máis efectiva e de calidade. Esta colaboración atinxe a realización de actividades conxuntas; labores de sensibilización e de educación para o desenvolvemento a través da organización de xornadas, charlas, obradoiros, seminarios e exposicións; e a difusión das diferentes actividades que desenvolven estas organizacións a través das nosas redes e contactos. Este interese da OCV polo traballo conxunto coas ONGD amplíase coas colaboracións con outras entidades e organismos de acción social, o que se verá reflectido a continuación. >>

Colaboracións coa ONG de desenvolvemento Enxeñaría sen Fronteiras-Galicia

Anualmente, e desde o curso académico 2000/2001, colaboramos coa ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos na realización do ciclo de conferencias *Introdución á Cooperación para o Desenvolvemento*, en que se dá unha visión clara do que é a cooperación nos países do sur, se definen os conceptos chave da cooperación e se favorece a sensibilización da poboación universitaria, así como do resto do público en xeral.

Colaboración coa ONGD Entreculturas

A OCV tivo representación no *XV Encontro en Rede da Mocidade Solidaria* que a dita ONGD organizou en diferentes zonas de Galicia. Neste ano 2013 as actividades de educación para o desenvolvemento tiveron lugar no Colexio Jesús Maestro de Ferrol no mes de outubro, e a temática sobre a que se traballou foron os dereitos humanos.

Colaboración con Solidariedade Internacional Galicia

Desde a OCV da UDC facemos a nosa pequena achega para a promoción do comercio xusto, e en gran parte das actividades formativas organizadas durante o ano 2013 (cursos e xornadas), aproveitáronse os descansos para facer degustacións didácticas dos produtos de comercio xusto comercializados pola dita ONGD.

Colaboración coa Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento desempeña un papel imprescindible no ámbito da cooperación ao desenvolvemento na contorna galega, polo que resulta de grande importancia o contacto continuo e o traballo conxunto, que ten lugar fundamentalmente no campo da difusión informativa. Así, neste ano 2013 colaboramos coa dita coordinadora na difusión das actividades respectivas.

Colaboración coa ONGD Arquitectura Sen Fronteiras

Durante o 2013 colaborouse no Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa 2013-2014, cunha serie de charlas e actividades de sensibilización á volta desta temática.

Edgar cóntanos sobre a súa experiencia no programa PCR da OCV

¿Qué é para ti a cooperación ao desenvolvemento?

A nivel persoal, os cinco anos que levo colaborando dentro da ONGd Arquitectos Sen Fronteiras en diferentes proxectos de cooperación internacionais como locais permitíronme chegar á conclusión de que a cooperación para o desenvolvemento é a única ferramenta para que o conxunto de persoas que forman parte dun grupo socioeconómico subdesenvolvido poidan prosperar e ser sustentables no futuro.

Certo é que a cooperación pasou a un terceiro plano por parte dos actores clásicos, gobernos e empresas privadas, que están a facer dos proxectos de cooperación algo insustentable pero na miña opinión entendo que é agora cando nos toca ás persoas implicadas nas organizacións crear un novo modelo de cooperación para o desenvolvemento no que a sociedade forme parte dese actor a través

da sensibilización e concienciación, para que coa colaboración de moitos podamos axudar a quen máis o necesitan.

¿En qué proxecto participaches no 2013?

No ano 2013 participei no Proxecto de Saúde Reprodutiva Accesible que estivo a desenvolver Arquitectos Sen Fronteiras e Farmamundi na localidade de Chinique en Guatemala xunto ás contrapartes locais Médicos do Mundo e a Asociación de Servizos Comunitarios de Saúde (ASECSA). O obxectivo principal deste proxecto era a mellora das condicións de acceso á saúde da poboación rural do Departamento do Quiché, con especial énfase nas mulleres indíxenas a través da mellora da calidade e cobertura de atención sanitaria con pertinencia cultural dos servizos de saúde sexual e reprodutiva, e de medicamentos esenciais. Neste proxecto Arquitectos Sen Fronteiras encargouse da construción dunha casa materna de adobe sismo-resistente, onde as comadronas se puidesen aloxar e ter acceso a todas as instalacións necesarias para desenvolver o seu traballo, e dúas construcións máis para o procesamento de plantas medicinais e o secado destas.

¿Cómo te sentiches a primeira vez que chegaches ao país de destino?

Tiven a oportunidade de estar en Guatemala anteriormente con outro proxecto de Arquitectos Sen Fronteiras e a contraparte ASIAPRODI no ano 2012 pero a primeira sensación que un leva de Guatemala, sobre todo cando aterrada na capital, é dun absoluto desconcerto. Desde o avión pódese ver a densidade de poboación, a aglomeración das vivendas máis precarias preto dos inestables barrancos da cidade. Logo a pé de rúa o ruído, a falta de organización, a sensación de inseguridade ao ver en cada esquina e local comercial axentes de seguridade armados apoderándose dun, pero pasados uns días cando un asimila todo iso pasa a un segundo plano e dáse conta de que a sociedade guatemalteca é cálida, amable e moi entregada, sempre disposta a axudar.

¿Cómo foi a acollida por parte da contraparte local?

O recibimento por parte da coordinadora de Médicos Descalzos foi frío e distante. Daba a sensación que a presenza do equipo de Arquitectos Sen Fronteiras molestaba no proxecto polo que a

relación con ela, polo menos desde a miña persoa, foi algo tediosa e complicada. Considero isto unha mera excepción xa que co resto de membros de Médicos Descalzos, obreiros e comadronas, o trato foi moi agradable.

¿Recomendarías a experiencia? ¿Por qué?

¡Sen dubidalo! En primeiro lugar porque é das poucas oportunidades que temos os estudantes universitarios de poñer en práctica os nosos coñecementos en terreo en acompañamento dunha ONGd e nun país estranxeiro, descubrindo de primeira man como funciona e como se traballa nun proxecto de cooperación internacional.

¿Qué che aporta esta estadía a nivel persoal, profesional e vital?

A nivel persoal esta estadía permite ao bolseiro coñecer de primeira man a cultura dun país totalmente diferente ao de orixe e que na maioría de estados fóra da zona de confort á que estamos adoitados. Na duración do proxecto un pode contemplar a diferenza de clases na poboación local, a extrema pobreza, a precariedade dos

sistemas gobernamentais e infraestruturas estatais, a corrupción, a violencia... e identificar os axentes que o provocan. Todo isto nos permite coñecer, sentir e reflexionar acerca da realidade levándonos a ser moito máis obxectivos e críticos no futuro.

Por outra banda, ter a oportunidade de realizar xunto a unha organización nun país estranxeiro unha actividade ou un traballo relacionado cos estudos que estás a cursar é algo sensacional.

¿Cales foron as túas motivacións para presentarte a esta convocatoria 2013?

Principalmente ampliar os meus coñecementos en cooperación ao desenvolvemento e adquirir experiencia en novos proxectos de cooperación internacional, ademais de coñecer novos lugares, formas de traballo, experiencias e o fundamental de todo isto, axudar aos demais.

03

Voluntariado

Voluntariado

Acción voluntaria realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico, que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcional ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída, que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan, que se leve a efecto en función de programas concretos, xa sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia

Os diferentes programas de voluntariado postos en marcha, ben sexan puntuais ou continuos no tempo, comezan sempre cun proceso de estudo que se pon en marcha cando calquera ONG, asociación ou administración pública establece contacto coa OCV. Posteriormente, analízase a pertinencia e sostibilidade do proxecto, e en función destas variables e do número de persoas voluntarias dispoñibles ou interesadas, decídese a súa posta en marcha.

Segundo o *artigo 5.2 da Lei 10/2011, do 28 de novembro*, de acción voluntaria de Galicia, considéranse incluídas dentro do ámbito da acción voluntaria as actividades de interese xeral vinculadas coa acción social e os servizos sociais, as de natureza sociosanitaria, da infancia, das persoas con discapacidade, educativas, de cooperación ao desenvolvemento e de loita contra a pobreza e a exclusión social, entre outras.

A nosas propostas de actuación voluntaria abarcan moitos deses ámbitos, e son as que aparecen a continuación >>

Menores

Centro de Acollida de Menores de Bañobre

O obxectivo deste proxecto de voluntariado foi buscar o tratamento individual e igualitario de cada un dos 32 menores que viven no centro de acollida a través de actividades lúdicas. Neste ano 2013, realizáronse todas as actividades de ocio programadas e un 60% máis de actividades que non estaban programadas. A asistencia do voluntariado ao proxecto foi do 95%, o que estivo motivado en moitas ocasións pola falta de medio de transporte para desprazarse até o centro. Durante este ano, un 20% dos menores integrouse en actividades con grupos xa formados.

Menores

Programa de voluntariado *¿E agora que?*

Este proxecto xorde en 2012 para dar resposta a unha necesidade detectada polos voluntarios e as voluntarias participantes no programa anterior: a integración sociolaboral das persoas que viven no Centro de Acollida de Menores de Bañobre, que unha vez chegan á adolescencia teñen que comezar a desenvolver unhas expectativas de emancipación persoal.

As persoas voluntarias levan a cabo un programa de seguimento e de orientación que busca ser unha “fase ponte” de cara á saída do centro dos e as adolescentes, onde os plans de acceso á vivenda, a orientación laboral, a continuidade da formación académica etc. tratan de ser as ferramentas esenciais de empoderamento que precisan nese proceso de emancipación. En 2013 fíxose o acompañamento de sete menores.

Menores

Barrios do Portiño e As Rañas

As actividades que desenvolve o voluntariado da OCV nestes dous proxectos están orientadas ao apoio na realización das tarefas escolares de nenos e nenas de entre 5 e 16 anos, así como á iniciación dos máis pequenos nunha dinámica escolar e ao ocio educativo.

No Portiño leváronse a cabo actividades de educación en valores durante a semana e de ocio educativo as fins de semana. Son 25 os rapaces e rapazas de entre 8 e 13 anos que asistiron con asiduidade ás actividades da OCV.

Nas Rañas o obxectivo foi promover a existencia dun espazo educativo que posibilite a construción de connotacións positivas ao redor do contexto escolar e das tarefas escolares, e que dea continuidade ao proceso educativo.

Unha media de 24 rapaces e rapazas asistiu ás actividades desenvolvidas polas persoas voluntarias

da OCV. Un dos obxectivos marcados para este ano foi a continuidade na asistencia dos menores á actividade de apoio escolar, que aumenta nos máis pequenos. Tamén se apostou por unha maior coordinación co centro educativo dos maiores e por iniciar o apoio dos rapaces de instituto, o cal se conseguiu cos varóns.

Menores

Apoio escolar a menores en Ferrol

Neste caso, trátase de darlles o apoio escolar preciso a menores inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, para que poidan levar un ritmo de desempeño acorde ao resto de menores na escola. Un par de horas á mañá dos sábados (de 11.30-13.30 h), o grupo de voluntariado ofreceu case de xeito individual asesoramento e acompañamento nas diferentes materias de estudo aos menores que, pola súa especial situación de vulnerabilidade, poden ter maiores problemas para seguir a bo ritmo o desenvolvemento do curso escolar (idioma, situación familiar etc.).

Exclusión social

Acompañamento e información a persoas sen fogar

Este programa, cuxo fin é romper a incomunicación, o illamento e a soidade das persoas sen fogar, ao crear un vínculo afectivo a través do contacto permanente con elas, leva en funcionamento na cidade da Coruña desde o ano 1998.

En 2013 realizouse unha ruta durante un día á semana con repartición gratuíta de café para as persoas que o precisasen. Así mesmo, elaborouse un kit de información en varios idiomas e unha guía interactiva de recursos da cidade, accesible a través da web da UDC.

Exclusión social

Colaboración coa Fundación Fogar Santa Lucía para mulleres sen teito

O voluntariado da OCV colabora na actividade da Aula de Cultura desta fundación coas mulleres de menor nivel educativo. Como complemento, organízanse saídas culturais en que participan todas as mulleres que viven no centro. Neste ano tivo lugar unha media de tres saídas por trimestre, e participou unha media de oito mulleres.

Exclusión social

Colaboración co Fogar dos Enfermos Pobres Sor Eusebia

No Fogar de Sor Eusebia conviven homes sen teito con algún tipo de problema que lles impide valerse por si mesmos fóra. O obxectivo da colaboración da OCV é dinamizar a vida dos usuarios e ofrecerlles alternativas de ocio. A meirande parte das actividades realizouse no propio centro, aínda que ao longo do ano 2013 tamén se levaron a cabo saídas culturais e de ocio cos usuarios.

Exclusión social

Centro Penitenciario de Teixeiro

A OCV desenvolve distintas accións no Centro Penitenciario de Teixeiro desde hai máis dunha década. A través da Aula de Cultura para o fomento e a difusión da solidariedade, da ciencia e da cultura, así como da realización de distintos obradoiros e outras actividades formativas, promóvese a interacción entre persoas reclusas e voluntarias.

Durante 2013 simultaneouse a proxección de películas e documentais para o seu posterior debate; a realización de obradoiros variados como a posta en marcha dun obradoiro de creación literaria, todo isto deseñado e desenvolvido por un grupo de voluntariado estable e comprometido.

Exclusión social

Proxecto de alfabetización de adultos

Con Arquitectos Sen Fronteiras, a OCV traballou na creación dun novo proxecto de voluntariado de alfabetización dos adultos que viven no asentamento da Pasaxe. En colaboración co grupo de traballo local desta entidade tamén se reforzou o proxecto que xa estaba en marcha no poboado das Rañas.

Inmigración

Aula de informática participativa e intercultural

En 2013 o programa dedicado á alfabetización informática de mulleres en situación de exclusión social redefiniuse para ampliar os seus obxectivos, con vistas a resultar unha acción máis inclusiva e participativa, e dar cabida tamén a homes.

O programa pretende, por unha banda, minimizar a chamada “fenda dixital”, polo que os martes á tarde se ofertaron clases de alfabetización para aquelas persoas que non dispuxesen de coñecementos básicos en informática; e pola outra, afianzar e mellorar o achegamento ás TIC das persoas participantes con maior nivel, polo que os xoves polas tardes nas clases de nivel avanzado se facilitaron os coñecementos e as ferramentas precisas para poder facer unha busca activa de emprego, incluída a creación de páxinas web, blogues etc.

Socio-sanitario

Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera

Este proxecto iniciouse en maio de 2009, na Área de Lactantes do Hospital. En 2013 houbo 18 persoas voluntarias que asistiron asiduamente ao proxecto e á súa formación específica. As actividades que se levaron a cabo foron moi variadas, debido a que as idades dos menores van dos 0 até os 3 anos: monicreques, globoflexia, contacontos...

Durante este ano mellorouse moito na organización do grupo e na relación directa co persoal de enfermaría.

Socio-sanitario

Acompañamento de enfermos de cancro no Hospital Oncológico Regional de Galicia

Este proxecto xorde como unha colaboración coa Asociación Española Contra o Cancro, que leva a cabo actividades en hospitais. O obxectivo primordial é mellorar, dentro dos medios de que se dispón, a calidade de vida das persoas afectadas pola dita enfermidade. O voluntariado da OCV realiza diferentes actividades de lecer coas persoas enfermas e cos familiares no hospital: traballos manuais, cestaría...

Socio-sanitario

Acompañamento no Hospital Arquitecto Marcide

Un grupo de voluntarios/as acudiu dúas veces á semana pola tarde (en dúas quendas) ao Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol para acompañar aquelas persoas ingresadas que, por distintos motivos, non tiñan visitas. O programa funcionou até finais do 2013.

Socio-sanitario

Saúde mental e acompañamento hospitalario

En decembro asinouse un novo acordo de colaboración entre a UDC e o Servizo de Traballo Social da Xerencia de Atención Integrada da Coruña, que serviu de marco para a implantación de dous novos proxectos: o proxecto de acompañamento hospitalario a persoas do Servizo de Saúde Mental usuarias do Centro de Día do Hospital de Oza; e o proxecto de acompañamento hospitalario a persoas da Área de Rehabilitación do mesmo hospital.

Socio-sanitario

Oficina de transplantes de Galicia

En decembro de 2013 a OCV comezou a colaborar coa Oficina de Transplantes de Galicia para concienciar a xuventude universitaria sobre a importancia da doazón de órganos. As campañas de sensibilización son levadas a cabo por voluntariado dos campus da Coruña e Ferrol.

Socio-sanitario

Asociación de Bulimia e Anorexia da Coruña (ABAC)

Este ano asinouse un convenio de colaboración coa Asociación de Bulimia e Anorexia da Coruña para que o voluntariado participe no acompañamento de adolescentes que sofren este tipo de trastornos na alimentación, e para participar nas campañas de sensibilización que esta asociación realiza nos institutos da cidade.

Maiores

Acompañamento na Residencia Geriatros de Ferrol

O voluntariado da OCV leva a cabo distintas actividades no dito centro: dunha parte, unha actuación de acompañamento nas actividades lúdicas; e, da outra, actividades máis especializadas de estimulación cognitiva e manexo das TIC.

Diversidade funcional

Dinamización do tempo de lecer no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física (CAMF)

O labor do voluntariado consiste en acompañar as persoas residentes cando saen ao exterior para faceren calquera tipo de xestión persoal, ou mesmo para gozaren de tempo de lecer.

O voluntariado da OCV acode en distintos horarios durante toda a semana, na procura de abranguer o maior número de demandas de acompañamento que se poida producir. Tamén asiste en materia de alfabetización dixital e manexo de ordenadores, teléfonos intelixentes etc. ás persoas que así o solicitan.

Educación para o desenvolvemento

Proxecto de sensibilización da comunidade universitaria

O voluntariado que participa neste proxecto diseña materiais de sensibilización, dinámicas e xogos de carácter lúdico para intentar chamar a atención dos seus compañeiros e compañeiras dos campus sobre a importancia de exercer unha cidadanía activa e actuar en defensa dos dereitos humanos e a xustiza social.

No 2013 o voluntariado organizou distintas actividades entre as cales cabe salientarmos a Xornada Saúde e Desigualdades Sociais. Tamén creou o seu propio blogue *mesxmes*, ademais dun perfil en Facebook en que manteñen activo o seu labor virtual durante todo o ano, como complemento das accións físicas e concretas que levan a cabo en centros e facultades de todos os campus da Coruña e Ferrol: dinámicas, performances, exposicións, xogos etc.

Clara fálanos da sua experiencia como voluntaria coa OCV

¿Qué é para ti o voluntariado?

Para min o voluntariado é unha forma de compartir con outras persoas os meus coñecementos, e devolver á sociedade o que eu tiven a sorte de recibir, e se é posible facer que esta sociedade sexa un pouco mellor e máis feliz.

¿En qué proxectos estás a participar?

Participo impartindo clases de informática básica a adultos e tamén a adolescentes inmigrantes.

¿Canto tempo levas colaborando en proxectos da OCV?

Levo participando neste proxecto dende outubro do ano 2013.

¿Como te sentiches o primeiro día que fuches ao proxecto?

O primeiro día iba moi nervosa porque era a miña primeira experiencia e non sabía moi ben como ía ir, pero tiven a sorte de que a miña compañeira era unha veterana, cousa que fixo que todo fose máis fácil, e sen tantos nervos.

¿Qué che aporta o voluntariado a nivel persoal, profesional e vital?

É unha gran satisfacción persoal, porque me fai sentir que con pouco podo facer moito por outras persoas. Tamén me fixo dar-me conta de que existe outra realidade que antes disto eu non coñecía, polo tanto teño que recoñecer que para min, foi positivo tanto a nivel persoal como vital, diría máis, moi positivo e enriquecedor.

A nivel profesional, é unha nova experiencia, e daste conta de que tes dotes que nin eu coñecía, aprendes a desenvolverte en público, e a esforzarte en transmitir os teus coñecementos de forma sinxela para que os demais poidan comprendelos.

¿Cales foron as túas motivacións para iniciar a túa labor de voluntaria?

Sempre quixen facer voluntariado, pero as miñas circunstancias non me permitían poder facelo. Como este ano son máis propicias decidín dedicar un pouco de tempo a poder compartir con outras persoas, e así devolver un pouco á sociedade o bo que me deu a min.

¿Por qué na OCV?

Pois o ano pasado unha compañeira do grao faloume da OCV, porque teño que recoñecer que eu non coñecía da súa existencia, e como sigo vinculada á universidade, que mellor sitio para facer un voluntariado que dentro da mesma universidade.

Actividades con outras entidades de acción social

Asociación Cidadá de Loita contra a Droga

En 2013 colaboramos coa dita entidade na organización e na difusión do Curso de Persoas Mediadoras para a Saúde, cunha duración de 16 horas lectivas, que se levou a cabo na cidade da Coruña.

Actividades con outras entidades de acción social

Asociación Española contra o Cancro

A OCV, dentro da colaboración anual que leva a cabo coa Xunta Provincial da Coruña da Asociación Española contra o Cancro, participou na campaña anual do Día Mundial sen Tabaco introducindo esta campaña nos campus universitarios.

Actividades con outras entidades de acción social

Banco de Alimentos Rías Altas

Coa colaboración da Oficina de Medio Ambiente (OMA) da UDC e do Banco de Alimentos Rías Altas, organizouse unha campaña solidaria de recollida de alimentos tanto na Coruña como en Ferrol, onde conseguiron recadarse 2.083,56 kg de comida.

Actividades con outras entidades de acción social

Fundación SEUR

A finais do ano 2013 púxose en marcha xunto coa Fundación SEUR unha campaña solidaria de recollida tapóns para distintas causas. Esta campaña, de carácter permanente, supuxo a colocación de recipientes en numerosos centros e facultades dos campus, onde se depositan os tapóns de plástico que serven logo para reciclar.

Actividades con outras entidades de acción social

Asociación Vela Luz

A OCV asinou un convenio de colaboración con esta asociación para apoiar o traballo que desenvolve coas mulleres e nenos/as vítimas da violencia de xénero.

Colaboracións con outras administracións

Concello de Ferrol

En 2013 a OCV participou como xurado no Premio Solidario do Concello de Ferrol, con que se reconece o labor de entidades e asociacións do eido da diversidade funcional da contorna.

Colaboracións con outras administracións

Xunta de Galicia

A OCV colaborou nos traballos previos de elaboración do *III Plan director da cooperación galega da Xunta de Galicia*. Tamén participou no Consello Galego de Acción Voluntaria asistindo á reunión de formación do dito Consello.

Colaboracións con outras administracións

Institucións penitenciarias

En 2013 a OCV entrou a formar parte do Consello Social do Centro Penal de Teixeiro xunto con outras cinco entidades que tamén traballan neste centro penal, co fin de serviren de interlocutoras entre a institución e o resto de entidades que prestan algún tipo de servizo ou colaboran dalgunha forma con este centro penal.

Colaboracións con outras administracións

Concello da Coruña

Neste ano 2013, a OCV colaborou estreitamente coa Área de Servizos Sociais do Concello da Coruña na organización anual das *Xornadas para as Persoas sen Teito* e para a coordinación do proxecto de voluntariado que a OCV ten nesta temática. Iniciáronse tamén os trámites para a posta en marcha dun proxecto de vivenda compartida entre o estudantado da UDC e persoas maiores.

Colaboracións no seu da Universidade da Coruña

Dentro da UDC, a OCV traballa para cooperar e coordinarse co resto de unidades e servizos con que existen liñas de traballo comúns. Así, colabórase estreitamente co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) no tema do voluntariado con persoas con discapacidade; e tamén co Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) para o intercambio de información e a súa posterior difusión nas súas redes, tanto no campus coruñés como no ferrolán. A seguir presentamos as máis relevantes destas colaboracións.

Conxuntamente coa Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), establecida no campus de Esteiro, organizáronse distintas actividades entre as que cabe salientarmos as da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo. En Ferrol tamén se colabora con outros servizos da UDC, como poden ser a Área de Cultura ou a Oficina de Relacións Internacionais do campus.

Como xa indicou con anterioridade, colaborouse coa Oficina de Medio Ambiente (OMA) na campaña solidaria de recollida de alimentos para o Banco de Alimentos Rías Altas.

Colaborouse co Equipo de Socioloxía de Migracións Internacionais (ESOMI) no marco do Seminario Xénero, Desenvolvemento e Mobilidades, organizado no mes de maio, cunha charla-obradoiro. Tamén se colaborou con outra conferencia na Xornada As mulleres cambiando o mundo, organizada pola Facultade de Socioloxía co gallo do Día Internacional da Muller.

Finalmente, e como vén sendo habitual nestes últimos anos, colaborouse coas distintas facultades e escolas dos campus da Coruña e Ferrol para impartir o ciclo de charlas de promoción do voluntariado que tivo lugar entre os meses de outubro e novembro.

04

Formación

Formación

Proceso e efecto de formar ou formase. En pedagogía e dun modo moi amplo, a formación fai referencia ao proceso educativo ou de ensinanza-aprendizaxe.

Diccionario da RAE.

Dende a OCV somos moi conscientes da importancia da formación para todas aquelas persoas que colaboran nalgunha das nosas propostas, pois para participar, hai que saber como facelo.


A formación é unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Preténdese que as accións que realiza o noso voluntariado sexan de calidade, polo que cando unha persoa decide implicarse nalgún programa de voluntariado debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados co labor que levará a cabo.


Ademais desta formación inicial básica, promóvese a formación continua nos aspectos específicos que se vinculan a cada programa, por exemplo, as habilidades sociais, a animación hospitalaria, nocións de interculturalidade, xénero etc. Trabállase tamén na organización de liñas formativas e de sensibilización abertas ao resto da comunidade universitaria, que se orientan á cooperación para o desenvolvemento. Así, no ano 2013 organizáronse as *II Xornadas de Cooperación ao Desenvolvemento e Acción Humanitaria* e o curso *Educación e Comunicación para o Desenvolvemento* en Ferrol e A Coruña respectivamente, así como as *XI Xornadas de Sensibilización sobre Inmigración e Interculturalidade*.

Doutra banda, o propio persoal desta oficina asiste a diferentes cursos e xornadas de formación para poder mellorar a calidade do servizo de voluntariado e de cooperación ao desenvolvemento que se ofrece.

Na seguinte infografía recolleemos todos os cursos de formación organizados durante o ano 2013 nos campus da Coruña e Ferrol >>


436
Asistentes
en 2013






15

Proxectos de Coñecemento da Realidade.
Voluntariado en Cooperación




47

Curso Básico de Voluntariado



14

Orientación Laboral con Perspectiva de Xénero




20

Curso de Educación e Comunicación
para o Desenvolvemento



13

A Práctica das Habilidades Sociais
no Labor Voluntario




18

Curso de Persoas Mediadoras da Saúde e
Prevención en Drogodependencias




16

II Xornadas de Cooperación ao
Desenvolvemento e Acción Humanitaria



7

Curso de Atención ás Persoas con Diversidade
Funcional e aos Miores desde o Voluntariado




27


Xornada sobre o Voluntariado
en Contexto Penitenciario




Didáctica e Práctica no Labor Voluntario en Contexto Intercultural



Curso sobre Cultura Xitana para o Voluntariado




Curso de Contacontos para a Animación Hospitalaria con Menores



XI Xornadas de Sensibilización sobre Inmigración e Interculturalidade




Curso de Globoflexia e Papiroflexia Aplicados ao Voluntariado en Animación




Curso sobre Cestería para o Voluntariado con Pacientes Oncolóxicos



II Xornadas sobre as Persoas Sen Teito e a Saúde Mental



Curso de Primeiros Auxilios Aplicados ao Labor Voluntario con Menores



A Práctica da Intelixencia Emocional no Labor Voluntario

Outras actividades

Exposicións

Para favorecer o noso labor de sensibilización da comunidade universitaria sobre os ámbitos de traballo da OCV, puntualmente levamos a cabo exposicións ben de carácter propio, ben en colaboración con outras entidades. A continuación pasamos a relatar brevemente as exposicións levadas a cabo durante o ano 2013.

Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio

Esta exposición, cedida polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, moveuse polos campus de Esteiro e Serantes (Ferrol) ao longo dun mes. Puido ser visitada polo conxunto da comunidade universitaria e máis visitantes nas instalacións da universidade.

Persoas sen Teito

Con motivo da conmemoración do Día Internacional das Persoas sen Fogar, o voluntariado do Programa de educación para o desenvolvemento e sensibilización dedicou o mes de decembro a esta

temática, e dentro das súas accións programou unha exposición cedida polo fotógrafo Rober Amado, que permaneceu colgada un mes na Casa do Patín do campus de Esteiro.

Mesas redondas

No mes de maio, organizouse no campus de Elviña a Mesa de Debate sobre os Dereitos da Muller e o Desenvolvemento Africano, en que contamos coa presenza dunha estudante de Níxer, Zeinabou Hamidou Leyo.

Mapa de servizos

A OCV elaborou un Mapa de servizos da cidade da Coruña como ferramenta para o voluntariado que traballa con persoas sen teito, pero tamén para poñelo á disposición daqueles membros da comunidade universitaria que, non podendo colaborar activamente nun proxecto de voluntariado, deciden converterse en doadores de roupa, alimentos ou libros.

Participación en redes

Desde a OCV creáronse dúas redes que se xestionan, manteñen e actualizan coa finalidade de acadar os obxectivos de promover o asociacionismo e de fomentar a colaboración interasociativa. As dúas redes teñen os seus propios fins e os seus elementos son moi diferentes: a Rede de Educación para o Desenvolvemento (RED) integra profesorado e investigadores da UDC interesados no ámbito da cooperación para o desenvolvemento; mentres que a Rede de Asociacións e Colectivos Universitarios (RACU) está formada por asociacións e por delegacións de alumnos/as da UDC.

A OCV participa nos encontros universitarios da CICUE (Comisión Sectorial de Internacionalización e Cooperación das Universidades Españolas) da CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas), que se reúne dúas veces ao ano en diferentes puntos da xeografía española. En concreto, forma parte do grupo de traballo de cooperación universitaria ao desenvolvemento.

Comunicación

A comunicación, tanto interna como externa, é unha cuestión básica en calquera organización, xa que fai posible unha mellor integración das persoas que a conforman. No caso da OCV, a comunicación coas persoas voluntarias faise tanto desde un plano informal como a través de canles máis formalizadas. Isto tamén acontece co resto de grupos de interese, no tocante á comunicación exterior, e entre o seu persoal técnico e as persoas responsables da entidade.

En calquera caso, búscase garantir que a comunicación interna e externa sexa constante e fluída, e para conseguir isto, empregamos distintos mecanismos:

Páxina web propia: www.udc.es/ocv

Na actualidade supón a principal vía de difusión externa das nosas iniciativas. Nela informamos sobre todas as actividades e poñemos á disposición das persoas usuarias documentos de interese ou ligazóns ás páxinas web doutras institucións ou

organizacións. Tamén a través dela pode facerse a preinscrición nas distintas accións formativas programadas ao longo do curso académico.

Outra das vías de comunicación externa empregada pola OCV, que se utiliza puntualmente cando a necesidade de proxección exterior da nova así o require, é a páxina web principal da UDC:

www.udc.es

Intranet

Dentro da UDC, contamos tamén con outros medios propios de difusión, como é o caso das redes que xa mencionamos (RED e RACU), das bases de datos de voluntariado e ONG de desenvolvemento que manexamos e doutros grupos de correo con persoas interesadas en recibiren información sobre cursos e conferencias centrados en temáticas relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento e co voluntariado social. Por tanto, o envío de información a través do correo electrónico é unha das nosas principais vías de comunicación.

Redes sociais

Desde o ano 2011 dispoñemos dun perfil en Facebook a que se pode acceder buscando «Ocv Udc», e que na actualidade ten máis de 850 persoas seguidoras.

Boletín informativo

O boletín vai dirixido ao noso voluntariado en activo e a aquelas persoas que nalgún momento formaron parte da organización e que están interesadas en seguir recibindo información puntual, tanto sobre as propias actividades da OCV como doutras organizacións e entidades que comparten os nosos eidos de traballo. O boletín envíase con carácter quincenal todos os venres, e presenta un formato apto para a súa visualización en teléfonos intelixentes.

Taboleiro de anuncios

A OCV dispón de taboleiros de anuncios en dous espazos físicos nas oficinas da Coruña e Ferrol, en que a promoción das súas actividades se realiza por medio de trípticos e carteis, os cales tamén son

repartidos no resto de facultades e edificios dos respectivos campus.

Reunións periódicas

O persoal técnico da entidade réunese puntualmente coas persoas coordinadoras dos distintos programas de voluntariado en funcionamento para coñecer o desenvolvemento destes, e poder facer os axustes pertinentes no caso de seren necesarios. Así mesmo, a dirección da OCV réunese co seu persoal técnico con asiduidade para avaliar a actividade e programar novas accións de iniciativa propia ou en colaboración con outras entidades, asociacións, administracións etc. Os encontros con representantes desas outras organizacións prodúcense tamén cando é preciso.

Encontros informais

Unha vez ao ano, normalmente a finais de novembro ou principios de decembro, ten lugar a *Festa Solidaria da OCV* nun club da Coruña. A data aprovéitase para facer unha cea co voluntariado da Coruña e Ferrol, e serve para favorecer as relacións entre as persoas da organización e mellorar a

comunicación directa entre elas.

Medios de comunicación

Puntualmente, a OCV aparece en distintos medios de comunicación, sobre todo televisións locais e radios, ben a través das reportaxes que os ditos medios elaboran, ben concedendo entrevistas sobre as actividades desenvolvidas, ou roldas de prensa. Durante o ano 2013 as aparicións en *La Opinión de A Coruña*, o *Diario de Ferrol* e, en menor medida, *La Voz de Galicia* foron constantes.

Por outra banda, participouse en diferentes encontros e congresos de cooperación universitaria para o desenvolvemento, tales como o *I Encontro Universitario de Sostibilidade Curricular* (Madrid); o *VI Congreso Universidade e Cooperación ao Desenvolvemento* (Valencia), e as *II Xornadas Iberoamericanas de RR. HH. e RSC* (Ferrol), onde o persoal técnico da OCV presentou distintas comunicacións, pósteres e relatorios. Tamén se asistiu ao *Plenario do CICUE e Encontro de Expertos* en Bolonia que tivo lugar en Cáceres no mes de novembro.

Por último, cabe salientarmos que no mes de abril rematouse o traballo de elaboración do novo *Plan estratéxico da OCV 2013-2016*, así como do *Plan de voluntariado* para ese mesmo período, os cales poden consultarse na web da OCV. Máis adiante, no eido da responsabilidade social, a OCV participou activamente nas reunións para a confección do novo *Plan estratéxico 2013-2020* da UDC, de acceso público na web desta universidade.